

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O
DÍA DEZANOVE DE ABRIL DE DOUS MIL SETE.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D. Francisco Luís Rodríguez Guerreiro, D. José Luís Docampo Fortes, D. Rafael Luís Fernández Amor, D. José Antonio Goás Basanta, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. César Ricardo Naval Parapar, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

EXCUSA A SÚA AUSENCIA

D^a. María Rebeca Fernández Martínez

NON ASISTE:

D. César Aja Mariño

SECRETARIA:

D^a. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de abril do dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira da convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS: EXTRAORDINARIA DO DÍA 8 E ORDINARIA DO DÍA 15 DE MARZO DE 2007.

Polo Sr. Alcalde pregúntaselles aos Corporativos se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 8 e ordinaria do día 15 de marzo do 2007, non producíndose ningunha intervención, e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda aprobar as referidas actas.

2º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN EN MISERICORDIA, INSTADO POR “PRIMERA CALIDAD PROMOCIÓN DE VIVIENDAS”.

Polo Sr. Alcalde outórgase o uso da palabra á Secretaria do Concello que a seguir indica que este punto incluíuse por erro na orde do día toda vez que a competencia corresponde a outro órgano corporativo, neste caso á Xunta de Goberno Local.

Seguidamente, o Sr. Alcalde sinala que o devandito punto queda retirado da orde do día da Sesión.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes (15) acorda quedar informado do asunto.

3º.- MOCIÓNS DO PP RELATIVAS A:

3.1.- MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIA E DO LITORAL.

Polo Concelleiro do PP, D. Antonio Solla Díaz, dáse lectura da moción que textualmente dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello da Xunta ven de aprobar, o pasado día 8 de febreiro, o proxecto de Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral, que será tramitado por vía de urxencia no Parlamento, coa finalidade de que esté en vigor, segundo manifestou o Presidente da Xunta, entre os meses de abril e maio.

No proxecto de lei recóllese, entre outras medidas, a suspensión de desenvolvemento urbanístico de terreos situados a menos de 500 metros do mar naqueles concellos que aínda non adaptaron o seu planeamento á lexislación vixente ou, alternativamente, mentras non se aprobe o Plan de Ordenación do Litoral.

Por todos é coñecido que a Xunta échesele a boca falando de “transparencia”, sen embargo o anuncio “unilateral” destas medidas -en novembro do ano pasado- colleu totalmene por sorpresa á institución que representa aos concellos, o que supón unha absoluta falta de lealdade institucional, conformada pola negativa a recoller a maioría das suxestións feitas polos Concellos, e mesmo polo Concello Económico e Social.

Con todo, as críticas a este proxecto de lei non son unicamente nas formas, senón fundamentalmente no fondo, xa que se trata aos concellos do litoral dun xeito xeneralista, sen ter en conta as características e necesidades de cada territorio, como xa ten denunciado, entre outros, o Concello Económico e Social.

Pola contra, e co obxectivo de ordenar dun xeito racional a actividade urbanística na nosa costa, o PP licitou e contratou en decembro de 2004 un Plan de Ordenación do litoral – o cal xa debería estar aplicándose a día de hoxe- que buscaba definir a franxa de protección de cada zona atendendo as súas especificadas ambientais, económicas e sociais, evitando, precisamente, acudir a medidas irresponsables e inxustas como a Lei que agora presenta o bigoberno da Xunta.

Polo que,

O Grupo Municipal Popular somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que adopte o seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a remitir o avance do Plan Sectorial de Ordenación do Litoral ao concellos e deputacións provinciais afectadas no prazo máximo dun mes, para a emisión do correspondente informe.

2. Instar á Xunta de Galicia a que proceda, unha vez rematado este trámite, á aprobación inicial do Plan Sectorial de Ordenación do Litoral e conseguinte apertura do trámite de información pública nun prazo máximo de tres meses.

Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta, Presidente do Parlamento e Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.”

Polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Melchor Roel Rivas, expónse que o seu Grupo non vai apoiar a moción, entre outras razóns, porque atendendo ás datas dí que a realidade superou a proposta. Que a negociación se levou a cabo coa FEGAMP e se aceptaron emendas, anunciándose que se tratará no Parlamento de Galicia coas modificacións incluídas a instancia da citada federación e dos Partidos Políticos.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A do voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que dí non entender a preocupación do PP. Que a situación existe dende o ano 1995, que gobernaba o devandito Partido. Que no ano 2002 houbo un compromiso e o PP foi incapaz de deixalo definido. Que esta norma pon o foco sobre o modelo urbanizador do PP de destrución da costa. Que por iso se publica a Lei de Medidas Urxentes que non fai referencia só ao asunto da protección da costa, senón a que o solo rústico pase a solo urbanizable ao obxecto de construír vivendas de protección pública. O seu grupo vai a votar en contra desta moción.

A do concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que di que, aínda que D. Antonio Solla deu lectura da moción, cómpre entrar no texto desta e lembra que se presentaron alegacións do PP, PSOE e IU-EU e que a data de hoxe el mesmo como firmante desas alegacións descoñeceu o que aconteceu con elas.

En contestación, o concelleiro do PP, D. Antonio Solla Díaz, resposta que se está a confundir a Lei de Medidas Urxentes en materia de ordenación do litoral, que implica que todos os concellos costeiros van ter 500 metros de protección de todo o seu litoral, o que implica que todo aquel concello que non dispoña dun Plan Xeral se atope coartado para actuacións urbanísticas, o que no caso de Viveiro, que non ten Plan Xeral, suporá que este Concello terá afectación dos 500 metros durante anos e que a moción do seu grupo di que o Plan que se licitou en 2004 se envía aos concellos, pois a Viveiro, como a outros, élle de especial afectación pola súa situación xeográfica. Que se dixo que se enviaría aos concellos en oito meses, pero o que solicita o seu grupo é que a remisión dese Plan Sectorial se faga coa maior axilidade, que o espírito desta moción non é ir en contra do devandito plan, senón de que se lle remita aos concellos. Que o que se trata é de gañar tempo e axilizar a postura que a Xunta defende.

O Sr. Alcalde intervén para dicir que cando se fala dos 500 metros cómpre precisar os seguintes aspectos:

1. Que nin en solo urbano, nin en núcleo rural afecta o devandito plan.
2. Que o bipartito aprobou a que pediu a FEGAMP.

Que lle parece irresponsable que dende xaneiro de 2003 a xuño de 2005 o PP gobernando non puido facelo e o presidente da FEGAMP, que é un alcalde do PP, tampouco, que se pretenda agora.

3. Que tampouco é certo que se vaia a facer un Plan Costeiro de Galicia, xa que se vai a realizar concello a concello. Nese procedemento será no que o Concello de Viveiro deberá estar atento.

Nunha nova intervención do concelleiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, manifesta que os esforzos que fixo o seu grupo sempre foron tendentes a que se tramitara o Plan Xeral do Concello de Viveiro e que como tal figuran os seus votos a favor do inicio, que nembár-

gantes o PP non continuou coa tramitación e que ao BNG lle preocupa moito máis a Rede Natura que estes 500 metros, xa que para ser claros na exposición o que é Monte Faro e a Praia de Area ou a Punta Insua non é urbano e eles non queren que se construíra, que despois, salvo a Casanova en Celeiro, non hai outros puntos preocupantes que poidan resultar afectados pola limitación da protección da costa. Finalmente di que, ademais de extemporánea, non consideran doado aprobar esta moción.

D. Orlando Expósito Mariño, concelleiro de EU-IU, insiste nos argumentos expostos, indicando que cre que a situación é preocupante en materia urbanística.

O concelleiro do PP, D. Antonio Solla Díaz, di que o seu grupo se limitou a presentar unha moción sobre unha proposta de lei e que non se fixeron nela outras afirmacións.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por maioría de oito votos en contra (PSdG-PSOE, BNG e IU-EU) e sete a favor (PP), acorda desestimar a moción do PP sobre medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral.

3.2.- EXCARCELACIÓN DO ETARRA DE JUANA CHAOS E A POLÍTICA ANTITERRORISTA DO GOBERNO.

Polo voceiro suplente do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, dáse lectura da moción que textualmente di:

“SOBRE LA EXCARCELACIÓN DEL ETARRA DE JUANA CHAOS Y LA POLÍTICA ANTITERRORISTA DEL GOBIERNO

La decisión política del Gobierno Zapatero de excarcelar al etarra De Juana Chaos por su huelga de hambre, constituye una cesión inadmisibile del Estado ante el chantaje de un terrorista. Una cesión sin precedentes, que humilla a la víctimas, doblega al Estado de Derecho, daña la dignidad de la democracia y ofende gravemente a todos los españoles.

Cientos de personas han muerto en España y miles han resultado heridas por los atentados terroristas sin que la sociedad española haya cedido durante largos años ante el chantaje del terror, a pesar de las situaciones durísimas que hemos tenido que afrontar. Miguel Angel Blanco fue asesinado porque esta sociedad y un Gobierno digno y responsable no se doblegó ante el horror de la amenaza de su muerte. Ortega Lara tuvo que sufrir un penoso cautiverio porque no se cedió ante su dramático secuestro, hasta que fue felizmente liberado por las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.

El Presidente Zapatero ha preferido asumir que se convierta en héroe a un terrorista que ha matado sin arrepentimiento alguno a veinticinco personas. Sentando un precedente escandaloso, provocando la satisfacción del chantajista y de su banda y dejando la penosa y peligrosa lección de que los terroristas ganan sus desafíos y que sus métodos son útiles para seguir avanzando en sus macabros propósitos. La debilidad de Zapatero ha reforzado a ETA, en lugar de conminarle a su definitivo desarme.

Después del atentado en la T-4, hemos visto al Sr. Zapatero eludir su responsabilidad y ahora volvemos a verle incapaz de explicar a los españoles la adopción de esta medida y ajeno a la dignidad que corresponde a un Presidente del Gobierno de España.

La decisión sobre De Juana no es, además, una decisión aislada. Se inscribe en la política del Gobierno de negociar con el terrorismo. Es un gesto más, especialmente grave, dentro de la política de cesiones que se lleva practicando desde que Zapatero asumió la presidencia, aún después, incluso, del atentado de ETA del pasado 30 de diciembre que costó la vida a dos personas.

Es además imprescindible que Zapatero haga lo legalmente previsto para evitar que ETA vuelva a las instituciones y a financiarse con nuestros impuestos, presentándose a las elecciones de manera fraudulenta con nuevas caretas como el Partido Comunista de las Tierras Vascas o las plataformas que estos meses está constituyendo pueblo a pueblo para vulnerar la Ley de Partidos y concurrir a las elecciones municipales.

Es urgente, igualmente, que el Presidente del Gobierno deje claro de una vez que Navarra no va a ser moneda de cambio con los terroristas, tal y como están proponiendo Otegui y el resto de los dirigentes de ETA-Batasuna quienes, con la incomprensible permisividad de Zapatero y del Fiscal General del Estado, dan todos los días ruedas de prensa u organizan toda clase de actos, a pesar de estar ilegalizados.

Es, en fin, indispensable, que el Sr. Zapatero que no van a perder nunca la esperanza de derrotar a los asesinos aplicando simplemente la ley, con toda firme y sin ceder nunca más ante los desafíos del terror. Que reclaman una política antiterrorista diferente, moral, digna y eficaz, que recupere el espíritu de Érmua y la unión de los demócratas y que rechazan la negociación con los terroristas y el pago de precio político alguno.

Por ello, se somete a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes acuerdos:

PRIMERO.- El Ayuntamiento de Viveiro exige al Gobierno desde las más profundas convicciones democráticas y haciéndose eco del inmenso clamor popular expresado libre y pacíficamente el pasado sábado en Madrid, que ponga fin a la política de cesiones con ETA y vuelva a la política antiterrorista que, plantificada y ejecutada en el seno del Pacto Antiterrorista, estaba acabando con el terrorismo etarra.

SEGUNDO.- Rechaza la prisión atenuada para De Juana Chaos, y exige que De Juana vuelva a prisión de manera inmediata para cumplir íntegramente la pena impuesta por el Tribunal Supremo.

TERCERO.- Exige al Presidente Zapatero que haga lo legalmente previsto para evitar que ETA vuelva a las Instituciones y a financiarse con los impuestos de los ciudadanos.

CUARTO.- Pide al Presidente del Gobierno que deje claro de una vez que Navarra no va a ser moneada de cambio con los terroristas.

QUINTO.- Reclama que el Sr. Zapatero ponga fin al proceso de negociación con ETA.

SEXTO.- Enviar copia del texto íntegro de la Moción aprobada al Presidente del Gobierno y a los Ministros de Justicia y de Interior del Gobierno, así como a los Portavoces Parlamentarios del Congreso y del Senado.”

Seguidamente, o voceiro suplente, Sr. Gayoso Roca, indica que a aínda que a data é de 23 de marzo se presentou o 23 de abril para que non se tilde de extemporánea, di que hoxe non só non se lle pode aplicar ese adxectivo, senón que está de actualidade e que ademais queda curta por que non se sabe se se trata de prisión atenuada ou dun terceiro grao, xa que na data de hoxe houbo manifestacións sobre a actuación do poder xudicial e a saída á rúa de semellante “caballerete”, non o controla o Poder Xudicial, senón Institucións Penitenciarias, puntualizando que o verbo “esixir” que figura na moción non é unha forma que el persoalmente utilizaría.

O Sr. Alcalde resposta que na moción se cuestiona a capacidade e as atribucións do Presidente do Goberno, indicando a seguir que durante a anterior tregua de ETA o Goberno soltou a presos que non cumpriran a súa condena e que un destes asasinou a un concelleiro de Irún. Que o problema é que por non excarcerar dentro da legalidade e dadas as condicións de saúde do preso e o seu empeoramento e a posible morte, que se lle podería ocasionar, xa que a pena que cumpría era por un delito de ameazas, considerouse conveniente a excarceración e o seu traslado a un hospital para evitar outros danos que poderían sobrevenir de producirse un desenlace co resultado de morte e a situación que se ocasionaría, que podería derivar en facer desa persoa un mártir. Que o PSOE nunca se opuxo ás medidas do goberno de Aznar, polo que esta aptitude lle parece desleal e van a rexeitar a moción e non a facer bandeira da política antiterrorista.

Seguidamente, polo concelleiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, dáse lectura da postura do seu grupo ante a moción, que literalmente transcrita di:

“POSICIÓN DIANTE DA MOCIÓN DO PP SOBRE A EXCARCERACIÓN DO ETARRA DE JUANA CHAOS E A POLÍTICA ANTITERRORISTA DO GOBERNO DO ESTADO.

O BNG ven amosando o seu acordo coa decisión tomada polo Ministerio de Interior de concederlle a prisión atenuada no seu domicilio con vixianza policial ao preso etarra De Juana Chaos. Neste sentido, o BNG ven amosando o seu respecto polas decisións tanto do poder xudicial como do executivo nesta cuestión.

A lei penitenciaria di que as institucións deben intervir ante un preso que está en grave risco de perder a súa vida, e non distingue se a persoa é drogodependente, se se ten intentado suicidar ou se ten un cancro. Cando os informes médicos determinan que esta persoa corre un risco grave e inminente para a súa vida e cando as institucións penitenciarias e Goberno determinan que o deber principal que teñen e preservar a vida do preso polo que con esa decisión evitouse a súa morte aplicando principios e normativas plenamente legais. Un goberno responsable ten que evitar a responsabilidade moral e política de que unha persoa morra por causa dunha actitude opositora intransixente e belixerante. Polo tanto, podemos concluír que a actuación do Goberno non so foi legal, senón que de non actuar así o Goberno estaría a omitir as súas responsabilidades legais.

Ademáis cómpre salientar que o preso está no seu último ano de condena por un delito de ameazas e que xa cumpríu a súa pena por 25 asasinatos. Foi precisamente durante o Goberno do PP cando se aplicaron diferentes redencións de penas ao etarra que por aquel entón estaba a cumprir condena polos citados asasinatos, e tamén foi o Goberno Aznar quen aplicou o terceiro grado a moitos presos etarras condenados por asasinatos polo que non podemos aceptar o seu actual discurso demagóxico e manipulador que tenta criminalizar unha decisión acertada tanto desde o punto de vista legal como político, ético e moral e en ningún caso se pode considerar unha cesión a ETA.

Ao tempo o BNG ven dando o seu apoio ao Goberno no seuesforzo de acadar co terrorismo dunha vez e para sempre. O Goberno en para esta misión o respaldo de todos os grupos parlamentares a excepción do PP que se instalou nunha posición de enfrontamento e obstrución de todas as iniciativas levadas a cabo.

É por todo isto que non podemos apoiar a presente moción, e xa que logo, o noso voto será en contra da mesma.”

Polo concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dise que el vai votar en contra da moción e formula a seguinte pregunta ao concelleiro Sr. Gayoso Roca: “Hai algunha ilegalidade na actuación xudicial?”, indicando a seguir que o seu partido estivo sempre loitando contra o terrorismo, pero ten dúbida de que o PP estea a favor de que se termine.

O interpelado, SR. Gayoso Roca, voceiro suplente do PP, resposta que agradece que se faga referencia a Institucións Penitenciarias e aos Xuíces de Vixiancia Penitenciaria e que o Sr. López Garrido hoxe non di a verdade e que o enlaza co dito polo voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Guerreiro, e pregúntase “Que foi, prisión atenuada ou terceiro grao?”, sinalando que o xuíz de vixiancia penitenciaria fixo un *totum revolutum* do que non se desprende se é un ou outro. Indica que o terceiro grao é unha decisión gubernativa que posteriormente ten revisión xudicial e aínda que agradece a distinción do Sr. Alcalde ten que puntualizar que o achegamento de presos é unha decisión política e, polo tanto, o Sr. Aznar adoptou como presidente a decisión política de achegamento de corenta e oito presos, aínda que insiste que é unha decisión política, pero que conceder a prisión atenuada é unha resolución xudicial. Que o goberno de Aznar non liberou a ninguén, pois non pode, como tampouco o pode facer o Sr. Zapatero, xa que se trata dunha decisión xudicial. Que as decisións de Aznar se incardinan no Código Penal anterior ao actualmente en vigor, ao que se opuxo o PSOE na súa modificación e que o grave deste asunto é que o ministro do Interior ao día seguinte de adoptalo nunha decisión política que o presidente Zapatero dixo que fora de estrita xustiza. Que isto non é poñer en dúbida a capacidade legal do Sr. Zapatero.

Finalmente, respecto ao asunto da ruptura de España, el sinala que Cataluña como nación invitou a tres nacións a un congreso de tráfico: Italia, Grecia e España, e que isto é legal polo Estatuto de Autonomía de Cataluña. Que considera que este é o problema de supresión da norma de que o Tribunal Constitucional poida examinar previamente á entrada en vigor a constitucionalidade das normas.

O Sr. Alcalde en contestación di que se a medida é legal, entón non hai problema e que non quere lembrar épocas anteriores e todos os organismos que se abriron en países europeos pola Xunta de Galicia, que España non está rota, que todos os partidos calaron durante o goberno de Aznar e que non houbo protestas aos achegamentos de presos. Que o Presidente do Goberno di claramente que en Navarra non van ser moeda de cambio e que só na época de Franco as manifestacións de bocadillo e aplausos lexitimaban ao goberno e que nun estado democrático correspóndelle ás urnas. Finalmente, di que se é unha decisión xudicial, pregúntase que partido político saíu rexeitando as decisións xudiciais e resposta que ningún, que todos os partidos do arco parlamentario, agás o PP, non fan oposición neste tema.

Finalmente, o voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Guerreiro, sinala que hai temas que deben interesar máis aos veciños de Viveiro e que xa quixera Galicia estar na posición de Cataluña e puidera invitar a outras nacións a un congreso e que non se pode usar esta cuestión para acadar votos, citando as armas de destrución masiva de Irak, que nunca apareceron, e moitas outras co-

usas das que se podería falar, pedíndolle ao PP que, polo menos, non se discutan estes asuntos en lugar de outros de interese para o Concello.

Contestado o Sr. Gayoso que non é unha cuestión de votos, senón de principios.

Procédese a efectuar a votación e o Pleno da Corporación, por oito votos en contra (PSdG-PSOE, BNG e IU-EU) e sete a favor (PP), acorda desestimar a moción do PP sobre a excarceración do etarra De Juana Chaos e a política antiterrorista do Goberno.

4º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Polo voceiro suplente do PP, Sr. Gayoso Roca, en relación cun Decreto de Alcaldía, ditado o 16 de marzo, sobre o acceso do persoal municipal ás dependencias cando se atopan na situación de baixa por enfermidade e sobre o cambio de pechaduras de oficinas municipais, pregunta o seguinte: “É certo que se cambiou a pechadura do despacho do enxeñeiro municipal?”, “Que motiva este decreto?”.

Polo Sr. Alcalde respóntase que se alguén está de baixa e está realmente enfermo qué vai facer ao seu posto de traballo e que, ademais, membros da corporación aseguraron que a altas horas da noite, e non cren no fantasma do convento, se atopaban as luces accesas en diferentes despachos e que aquí se trata dunha situación moi sinxela, se vostede está de baixa ten un sistema, unha Lei Xeral de Seguridade Social que lle protexe, polo que non ten por que pasar polo seu posto de traballo e que cando unha persoa está de baixa ten suspendida a súa relación contractual, polo que non debe aparecer polo seu posto de traballo.

Neste intre, o citado voceiro suplente inquire coa seguinte pregunta: “Antes de ditar esta Resolución de Alcaldía, de 16 de marzo, desapareceron informes ou material de expedientes?”.

O Sr. Alcalde resposta que xa contestou e fórmulle a seguinte pregunta ao concelleiro citado: “É vostede defensor de que unha persoa de baixa estea non seu posto de traballo?”.

O interpelado responde que é partidario das “guerras preventivas”.

O Sr. Alcalde insiste na súa argumentación e di que a resposta se dará cando non se atope de alta o citado traballador.

D. Orlando Expósito Mariño, concelleiro do IE-UE, pregunta polo Decreto referido á sentenza do Café-Concerto Fran, hoxe Pub City, que se lle notificou tamén ao novo titular dese establecemento.

Por Secretaría indícase que a sentenza se notificou á persoa que figuraba como titular no expediente obxecto do Recurso Contencioso-Administrativo e que se citaba textualmente na sentenza. Que, posteriormente, ao dirixirse ao concello esa persoa indicando que existía un novo titular por traspaso, do que se dera conta no seu momento ao Concello, e como a sentenza supoñía o peche do establecemento, en aras de garantir o cumprimento da mesma, é polo que se realiza unha nova notificación ao novo titular do establecemento.

Polo Sr. Alcalde puntualízase que, unha vez finalizado ese proceso xudicial, se saberá se polos afectados se interpón ou non un Recurso Contencioso-Administrativo de esixencia de responsabilidade patrimonial do Concello, que podería ser cuantioso economicamente.

Non se producen máis intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (quinze), acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

5º.- **ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo voceiro suplente do PP, SR. Gayoso Roca, dise que quedan preguntas por contestar destes catro anos de mandato e que, como non vai haber oportunidade, as farán no sitio que proceda.

O Sr. Alcalde contesta que na próxima sesión.

Seguidamente, o citado voceiro suplente do PP, Sr. Gayoso Roca, dá conta das manifestacións do seu grupo á concelleira do PSdG-PSOE, D^a M^a Rebeca Fernández Martínez, polo nacemento do seu fillo.

E sen máis asuntos a tratar, o señor alcalde dá por rematada esta sesión, cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos da data sinalada no encabezamento, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretaria, dou fe.